



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/23	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	8 de maio de 2017
Duración	Desde as 19:13 ata as 19:55 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	SÍ
53171075C	EVA RODRÍGUEZ CALVAR	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día



A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 24 de abril de 2017

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar sobre a mesa, pendente de aprobación, o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 24 de abril de 2017.

Expediente 2687/2017. Proposta/informe policial 565/17 (pivotes)

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Nº REX.: 565/2017

ASUNTO: SOLICITUDE DE PIVOTES NA AVENIDA DE CASTROVIEJO

Con relación ao escrito presentado por S.A.G., en calidade de administrador da “Comunidade de Propietarios Saíñas”, informa que non procede a solicitude de colocación de pivotes por ser terreo privado. Non existe inconveniente para a súa colocación por parte do interesado facéndose cargo este dos custos e mantemento.

Expediente 2237/2017. LICENZA DE OBRAS

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 2237/2017 (Expte. nº 25.975).- Outorgar licenza de obra a M.O.C.S., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Ramón Cabanillas, nº 14-6ºA-Santiago, para a construción de unha piscina en Baixada a Canabal, nº 4-Coiro, de conformidade co proxecto modificado elaborado polo arquitecto técnico J.P.Y. de novembro de 2015, vistos os informes emitidos polo Instituto de Estudos do Territorio en data 22.10.2015 e o de Patrimonio de data 16.12.2016. O orzamento de execución material ascende a doce mil douscentos trinta e cinco euros con doce céntimos (12.235,12 €).

Expediente 2292/2017. PARCELACIÓN

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta da proposta emitida pola Xefa do Departamento de Urbanismo en data 25.04.2017 que literalmente di:

“EXPEDIENTE Nº 2292/2017.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación



urbanística que promove M.B.B., con domicilio a efectos de notificacións en rúa La Perla, 17, ático A-Sanxento, titular do DNI 78.730.032 C, consistente en segregar unha finca inicial de 2.597 m² sita na Estrada de Aldán, 7 – Cunchido, Darbo, en tres parcelas resultantes, regulada pola ordenanza URNU-SNUN, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico Rafael Soliño Costas. **PROPONSE:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza de parcelación a M.B.B. para segregar unha finca inicial de 2.597 m² en tres parcelas resultantes edificables e tres parcelas de cesión, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico R.S.C.

As parcelas resultantes son parcela 1, 2 e 3 de cesión para ampliación de viario municipal, cunha superficie de 28,15 m², 28,00 e 43,60 m² respectivamente, parcela 4 cunha superficie neta de 1.448,85 m², sobre a que existe unha vivenda unifamiliar de planta baixa e primeira, parcela 5 cunha superficie neta de 523,60 m² e parcela 6 cunha superficie neta de 524,90 m²

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos leva a obriga da cesión dos terreos situados fóra alineacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ó Concello no prazo de un mes dende a notificación da concesión da licenza. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar licenza de parcelación a M.B.B. para segregar unha finca inicial de 2.597 m² en tres parcelas resultantes edificables e tres parcelas de cesión, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico R.S.C.

As parcelas resultantes son parcela 1, 2 e 3 de cesión para ampliación de viario municipal, cunha superficie de 28,15 m², 28,00 e 43,60 m² respectivamente, parcela 4 cunha superficie neta de 1.448,85 m², sobre a que existe unha vivenda unifamiliar de planta baixa e primeira, parcela 5 cunha superficie neta de 523,60 m² e parcela 6 cunha superficie neta de 524,90 m²

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos leva a obriga da cesión dos terreos situados fóra alineacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ó Concello no prazo de un mes dende a notificación da concesión da licenza. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.

TERCEIRO.- Así mesmo deberá presentarse documento proforma do documento público ou privado no que se reflicta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da sinalada documentación, de non aportar a mesma a licenza quedará sen efecto.

Expediente 2771/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 18.451.- (2.771/17).- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR D.F.L.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o



Concello de Cangas

informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 2 de maio de 2017, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a D.F.L., con enderezo en rúa Ramal Paraíso, nº 7-A-Darbo, para vivenda sita no referido lugar, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 18.187.

Expediente 2358/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2358/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por ROSARIO SANTOMÉ BASTÓN, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Medio de Aldea, nº 2–Erbello-Aldán, para obras consistentes en reparacións exteriores de edificación existente, sita en Baixada Praia de Menduíña, nº 58–Aldán-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborado polo arquitecto técnico, S.G.F. e autorización da Deputación de Pontevedra de data 02.02.2017. O presuposto de execución das obras ascende a quince mil oitocentos seis euros (15.806 €).

Expediente 621/2017. De sanción J.I.M.S.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: 23/2016 -621/2017

Procedemento: PROPOSTA ARQUIVO DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 12 de abril do 2017, de J.I.M.S., en relación co expediente de sanción por infracción urbanística nº 23/2016 -621/2017.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, A Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento de sanción incoado a J.I.M.S. por ter realizado no lugar de Vilariño-O Hío, as obras de instalación de dúas casetas.

Expediente 2789/2017. C-17/09. CONTRATACIÓN SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas



Concello de Cangas

O Concello de Cangas ten a necesidade de contratar a prestación do servizo de asesoramento de asesoramento xurídico.

As necesidades administrativas a satisfacer coa subscripción deste contrato é a de contar coa adecuada representación e defensa en xuízo dos intereses municipais, así como en complementar as tarefas propias de asesoramento xurídico deste Concello en todas as áreas do Dereito.

Tendo en conta as características do servizo e o prezo deste (aproximadamente 30.000 euros/ano, IVE incluído), esta Alcaldía considera como procedemento máis adecuado o procedemento negociado sen publicidade; malia isto, por Secretaría deberá emitirse informe sobre a conveniencia de utilizar este tipo de procedemento ou calquera outro que resulte mais axeitado.

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 109 e a Disposición adicional segunda do TRLCSP, A Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación do servizo de asesoramento xurídico para todos os departamentos do Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO.- Que polo interventor se faga, no seu caso, a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de Secretaría ao respecto.

Expediente 2289/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2289/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por P.C.B., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Xosé Vázquez Pintor, nº 16-Cangas, para obras consistentes en cambio de tella e reparación de cuberta de edificación sita en rúa Xosé Vázquez Pintor, nº 16-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e o estudo de seguridade e saúde elaborado polo arquitecto J.A.F.M. O presuposto de execución das obras ascende a oito mil setecentos euros (8.700,00 €).



Concello de Cangas

Expediente 2250/2017. COMUNICACIÓN PREVIA URBANÍSTICA

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2250/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por P.S.V., con enderezo a efectos de notificacións en Erbello-A Madalena, nº 93-Aldán, para obras consistentes en cambio de material de cubrición de edificación sita en Erbello-A Madalena, nº 93-Aldán, de conformidade ca documentación incorporada ao expediente; estudo técnico para reparación de cuberta e o estudo de seguridade e saúde elaborado polo arquitecto técnico, S.G.F. e na autorización da Deputación de Pontevedra de 24 de marzo de 2017, sen aumento de volume. O presuposto de execución das obras ascende a nove mil setecentos vinte euros (9.720,00 €).

Expediente 1383/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº (1.383/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por F.J.A.P., para conservación e limpeza de muro de mampostería, no lugar de Donón, nº 42-O Hío, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a douscentos vinte e dous euros (222,00 €).

Expediente 2372/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2732/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por "TANTIRIS SL", con domicilio a efectos de notificacións en Pinténs, nº 39-O Hío, para obras consistentes en cerramento de parcela sita no Gatañal-San Roque, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil seiscentos corenta e catro euros con cincuenta e oito céntimos (4.644,58 €).

Expediente 2395/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2395/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por "ROMERO Y PEREIRA INVERSIONES", con enderezo a efectos de notificacións en Estrada Madrid, nº 210-Vigo, titular CIF B36987402, para obras consistentes en conservación e mantemento de edificación existente, colocación panel sobre cuberta de nave existente sita na Avda. Castroviejo, nº 29-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborada polo arquitecto R.L.F. O presuposto de execución das obras ascende a quince mil oitocentos seis euros (15.806,00 €).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 419/2017. Infracción urbanística. Expte. 9/2016

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente núm.: 9/2016- 419/2017

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro do 2016, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de A.P.P. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar da Rosada-Coiro, obras sen licenza consistentes en: que a canle de augas inicial que atravesaba a parcela arrimado á vivenda unifamiliar de licenza nº 21215, foi anulado mediante taponamento con formigón da entrada na cota do camiño e mesmo foi desviado mediante outra tubaxe a modo de bypass a través da parcela lindeira, sendo a construción de carácter ilegalizable segundo o informe do arquitecto municipal de data 24 de agosto de 2016.

En data 18 de novembro de 2016 declarouse restaurada a legalidade urbanística, declarándose o arquivo do expediente nº 9/2016, visto o informe da inspección de obras da mesma data obrante no expediente.

SEGUNDO.- Iniciado expediente de sanción por acordo da Xunta de Goberno Local en data 21 de novembro do 2016, dentro do prazo outorgado neste expediente de sanción para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave/leve segundo o determina o artigo 158.3.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que A.P.P., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire é o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001 euros. Indicar ao interesado que por restaurar a legalidade urbanística antes da resolución do presente expediente redúcese a contía da sanción nun 90%.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no 88.7 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos procedementos de carácter de sanción, a proposta de resolución deberá ser notificada aos interesados nos termos previstos no artigo seguinte.

O órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución, cando na instrución do procedemento se poña de manifesto que concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a. A inexistencia dos feitos que puideran constituír infracción.
- b. Cando os feitos non resulten acreditados.



- c. Cando os feitos probados non constituían, de modo manifesto, infracción administrativa.
- d. Cando non exista ou non poida identificar á persoa/persoas responsables ou ben que aparezan exentos de responsabilidade.
- e. Cando se teña concluído, en calquera momento a prescrición da infracción.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, A Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO.- Impoñer a A.P.P., na súa calidade de promotor unha sanción de seiscientos euros (600,00 €), pola infracción cometida no lugar da Rosada, consistentes en que a canle de augas inicial que atravesaba a parcela arrimado á vivenda unifamiliar de licenza nº 21215 a nome de A.P.P., con enderezo en Reboredo, nº 32, foi anulado mediante o taponamento con formigón da entrada na cota do camiño, e o mesmo foi desviado mediante outra tubaxe a modo de bypass a través da parcela lindeira, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 24 de agosto de 2016.

Advírtese ao interesado que as sancións impostas ao abeiro da Lei 2/2016 reducirase na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Expediente 270/2017. Infracción urbanística. Expte. 6/2016

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº 6/2016- 270/2017

Procedemento: PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A ALCALDÍA

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Cabo Home-O Hío consistentes en: realizar un tendido aéreo de subministración eléctrica, mediante postes de formigón de 10 metros, co mesmo trazado que outro existente de postes de 7 metros.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 8 de febreiro de 2017, a de considerar as instalacións mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións establecidas ao respecto na ordenanza de aplicación do solo non urbanizables de protección de espazos naturais das Normas subsidiarias de planeamento do Municipio de Cangas por alterar significativamente os valores naturais, paisaxísticos e ecolóxicos.

Resultando que segundo consta no expediente é presuntamente responsable dos feitos sinalados, a AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO, promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.



Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local a adopción acorda:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de sanción por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento de sanción a María Rodríguez Gómez, sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repaña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento de sanción.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de **QUINCE DÍAS** para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso ningún, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.



Concello de Cangas

Expediente 2805/2017. PA 80/2016. Dación de conta sentenza xudicial	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>1.- PA 80/2016.- SENTENZA 92/2017 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1.</p> <p>- <u>A persoa recorrente:</u> L.P.Q.</p> <p>- <u>Contido:</u> Estimase o recurso contencioso-administrativo tramitado como PA 80/2016 a instancia de L.P.Q., contra a resolución adoptada pola Xunta de Goberno Local do concello de Cangas de data 21/12/2015, pola que se acorda desestimar o recurso de reposición interposto por L.P.Q. contra a resolución de data 27 de xullo de 2015 do expediente de sanción nº 60/2009-S, polo cal se acordou impoñer a L.P.Q. unha sanción de seis mil euros (6.000,00 €) polas obras realizadas no lugar de San Roque–Darbo. A sentenza anula as resolucións recorridas e ordena a retroacción das actuacións, que o Concello de Cangas admita a proba proposta pola parte recorrente consistente en que se practicase proba pericial por comparecencia perante o instrutor dos arquitectos que redactaron o proxecto e memoria autores da certificación aportada co fin de ratificarse nela e prestar declaración acerca da data en que comezou e terminou a obra obxecto de expediente, e tras iso, continúe a tramitación do procedemento nos termos legalmente establecidos.</p> <p>Condena con imposición de custas á parte demandada cun límite de douscentos euros (200,00 €) (gastos de defensa e representación).</p> <p>- Non cabe interpoñer recurso.</p> <p>A Xunta de Goberno Local queda avisada.</p>	

Expediente 1112/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval para licenza de obras	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local, acorda:</p> <p><u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por X.X.G.C., por importe de trescentos euros (300,00 €), no expediente nº 23,766 licenza de obras nº 22.851.</p> <p><u>Segundo.-</u> Notificar este acordo ao interesado.</p>	

Expediente 2216/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval para licenza de obras	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por M.F.P., por importe de novecentos corenta e seis euros con oitenta e oito céntimos (946,88 €), no expediente nº 24.290, licenza de obras nº 23.385.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 2722/2017. Dación de conta de sentenza nº 74/2017 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra recaída no Procedemento Ordinario 238/2016

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dación de conta de sentenza nº 74/2017 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra recaída no Procedemento Ordinario 238/2016.

Visto o contido da sentenza número 74/2017 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, número 2 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 238/2016, co fallo seguinte:

“Que, estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo, presentado pola procuradora Mª del Rosario Castro Cabezas, en representación de 'FCC Aqualia SA' e 'Fomento de Construcciones y Contratas SA-UTE' (Cangas de Morrazo UTE), contra a resolución do Concello de Cangas, do 15 de xuño de 2016, pola que non se admite a solicitude da demandante en relación á compensación por incumprimento contractual, declaro que a resolución impugnada non é conforme a dereito, pero sen que haxa lugar a pronunciamento de condena da administración demandada ao pago de cantidade á actriz por desequilibrio económico nin incumprimento contractual.

Non se fai condena en custas.

Notifíquese esta resolución ás partes, facéndolles saber que contra esta cabe interpoñer recurso de apelación no prazo de quince días desde a súa notificación, para ser resolto polo TSX de Galicia”.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza número 74/2017 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, número 2 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 238/2016.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo a Intervención, concelleiro de Facenda e expediente.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Expediente 2715/2017. DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 84/2017 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO SECCIÓN 4 RESOLUTORIA DO PO 15239/2016 (REF. X-16/03)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o contido da sentenza número 00084/2017 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza Contencioso-Administrativo, sec. 4 da Coruña, recaída no procedemento ordinario nº 0015239/2016, co fallo seguinte:

“1. Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto pola entidade mercantil 'FCC AQUALIA SA' e 'CIVIS GLOBAL SL UTE' contra o acordo do Concello de Cangas de data 18 de febreiro de 2016, sobre aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao ciclo integral da auga (BOP de 26 de febreiro de 2016), declarando a nulidade da ordenanza de referencia.

2. Impoñer as custas procesais á parte demandada na contía máxima de mil cincocentos euros.

Notifíquese a presente sentenza ás partes, facéndolles saber que contra ela pode interpoñerse recurso de casación perante a Sala Terceira do Tribunal Supremo. Dito recurso haberá de prepararse perante a sala de instancia no prazo de trinta días, contados desde o seguinte ao da notificación da resolución que se recorre, en escrito no que, dando cumprimento aos requisitos do artigo 89 da Lei reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, se tome en consideración o disposto no punto III do Acordo da Sala de Goberno do Tribunal Supremo de data 20 de abril de 2016, sobre extensión máxima e outras condicións extrínsecas dos escritos procesais referidos ao recurso de casación (BOE de 6 de xullo de 2016)”.

Visto que pola representación do Concello no citado procedemento e con motivo do traslado da referida sentenza se informa o pasado 27/02/2017, que a sentenza se axusta plenamente a dereito.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza número 00084/2017 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza Contencioso-Administrativo, sec. 4 da Coruña, recaída no procedemento ordinario nº 0015239/2016.

SEGUNDO.- Dar conta da sentenza ao Pleno na vindeira sesión.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo a Intervención, Tesourería, concelleiro de Facenda e expediente.

Expediente 2162/2017. SAF 3168/01 - DEPENDENCIA 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE ACORDO

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Estanislaio Graña García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)

Visto o informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde esta xefatura á Xunta de Goberno Local, propoño a adopción do seguinte acordo:

* Baixa do SAF de A.M.G.P., beneficiaria do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF) pola quenda de dependencia co expediente nº 36008/01/003168-53253.

Expediente 2157/2017. SAF - DEPENDENCIA 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle a a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a: M.A.G.C., con expediente nº: 36008/02/000888-35371, a MODIFICACIÓN do Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de DEPENDENCIA, e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.

Custo do servizo:.....oitocentos cincuenta e oito euros con trinta e un céntimos (858,31 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica: -14,70%) : oitenta e dous euros con oitenta e sete céntimos (82,87 €).

Número de horas: 70 horas.

Data prevista de MODIFICACIÓN (INCREMENTO HORAS) no SAF: maio de 2017.

Expediente 55/2017. C-17/02. Expediente de contratación do servizo de redacción da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Cangas

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente núm.: C-17/02__55/2017

Contrato: servizo de redacción da RPT do Concello de Cangas.

Procedemento: aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, único criterio de adxudicación.

Asunto: proposta aprobación expediente.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 30.01.2017 polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato administrativo de servizo de redacción da RPT do Concello de Cangas.

Visto que o interventor municipal emitiu o día 19.04.2017 documento de retención de crédito (asentamento nº 02677).

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se incorporaron ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de Secretaría (17.02.2017) e Intervención (informe 2017-0011 [SCM-038-17]).

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local proponho a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de redacción da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Cangas, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 920.22799 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

Expediente 2806/2017. Solicitud OE MOCIDADE

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

En virtude da Orde do 29 de marzo de 2017, pola *que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento TR353B).*

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO “GRANXA DA RÚA VII-MOCIDADE”, de 6 meses de duración, con data máxima de inicio o 29 de setembro de 2017, coas características e especialidades formativas que a continuación se detallan, así como a achega por parte do Concello dun cofinanciamento destinado a sufragar parte dos materiais de obra e a

Concello de Cangas



prestación dos servizos (punto terceiro):

ESPECIALIDADES

(CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE)	CÓDIGO	Nº ALUMNOS/ALUMNAS TRABALLADORES/TRA BALLADORAS
ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO	SSCS0108	7
INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES	AGAO0208	8
		TOTAL: 15

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia unha subvención para levar a cabo este proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO “GRANXA DA RÚA VII-MOCIDADE”, no que se impartirán as especialidades formativas antes citadas e nas que se desenvolverán as obras e servizos previstos na memoria formativa para un total de 15 alumnos/alumnas-traballadores/traballadoras (contrato para a formación e o aprendizaxe).

TERCEIRO.- Que unha vez que a Consellería de Economía, Emprego e Industria conceda a devandita subvención, o Concello aporte con cargo aos exercicios orzamentarios dos anos 2017 e 2018 os fondos necesarios para levar a cabo o mencionado proxecto e sufragar os custos non subvencionados, fundamentalmente os materiais necesarios para a execución das obras e a prestación dos servizos previstos, achegando un cofinanciamento municipal duns vinte e cinco mil euros (25.000 €) que, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, poida ser distribuída nos dous exercicios orzamentarios nos que se execute o proxecto (2017-2018).

INFORME Nº 2256/2016 DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DA CC.PP. EDIFICIO FONTEFERREIRA PARA SINALIZACIÓN HORIZONTAL

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

Vista a solicitude presentada por PABLO AVILÉS DIZ, administrador da CC.PP. "Edificio Fonteferreira", sito na Avda. de Vigo, nº 27-Cangas (NIF H-94023546), na que demanda sinalización pola problemática para manobrar na zona de entrada e saída de vehículos do edificio.

Dase conta de informe emitido pola Policía Local, que di o seguinte:

"Nº REX.: 2256/2016

ASUNTO: PINTADO LIÑA AMARELA NA AVENIDA DE VIGO, Nº 27

A Policía Local de Cangas, solicitado informe por parte da Alcaldía sobre a Avenida de Vigo, nº 27, proponse:

* Pintar de amarelo a franxa marcada, abarcando o vehículo vermello e marcando 1 metro



Concello de Cangas

cara a dereita segundo se sae do garaxe.

Facer constar que existe unha liña continua de separación de carrís pola que teñen que saír cara Bueu".

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente emitido pola Policía Local.

Expediente 114/2017. C-16/07 Contrato de servizos técnicos para o funcionamento da piscina cuberta do Concello de Cangas. Resolución TACRC 260/2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta da resolución de 10 de marzo de 2017 do Tribunal Administrativo Central de recursos contractuais respecto do recurso especial en materia de contratación interposto por David Méndez Cepeda, en nome e representación de "EULEN SA", contra a proposta de adjudicación do contrato de servizos técnicos para o funcionamento da piscina cuberta do Concello de Cangas efectuada pola mesa de contratación o 23 de xaneiro de 2017, no rexistro do Tribunal Administrativo Central de recursos contractuais (Recurso 122/2017 CA Galicia 18/2017; resolución nº 260/2017).

Visto que se estima parcialmente o recurso interposto anulando o procedemento de licitación do contrato de servizos técnicos para o funcionamento da piscina cuberta do Concello de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Interpoñer ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo contra a resolución nº 260/2017 ditada o día 10.03.2017 polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais no recurso nº 122/2017 CA Galicia 18/2017.

Segundo.- Nomear ao efecto ao avogado José Ramón Vázquez Cueto e ao procurador Eduardo Pardo Collantes (nº único de procurador P15030000264).

Expediente 1898/2017. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 27.03.2017 S/SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017. LIÑA 1 INVESTIMENTOS

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de modificación do acordo de xunta de goberno local de data 27.03.2017 s/solicitud de axuda á deputación provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan concellos) 2017. Liña 1 investimentos.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Publicadas no BOP nº 249 de data do 30.12.2016, pola Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación das bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017 e recibido escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que se fai constar que ao Concello de Cangas lle corresponde a cantidade de un millón oitenta e nove mil vinte e tres euros con vinte e oito céntimos (1.089.023,28 €) e a ter en conta porcentaxes para a liña 1, un 62,50 mínimo, para a liña 2, un 15% máximo e para a liña 3, un 22,50% de máximo, o Concello acordou por Xunta de Goberno Local de data do 27.03.2017 solicitar axuda para a execución dos seguintes proxectos:

Denominación do proxecto	Importe total euros, incluído o IVE
Documento técnico nova capa rodadura na rúa Reboredo	39.753,00
Documento técnico nova capa rodadura nas rúas Salgueira-Faroleira	40.312,24
Documento técnico nova capa rodadura nas rúas Novas-Parada	57.874,28
Documento técnico nova capa rodadura nas rúas Barreiras e Lagar	41.418,71
Documento técnico nova capa rodadura nas rúas Gruncheiras e Carballal	40.096,00
Memoria valorada adquisición de rozadora de brazo con mando hidráulico e material de recambio para limpapraias	21.767,90
Adquisición de vehículo eléctrico para servizo de mantemento de parques e xardíns públicos	21.719,50
Rehabilitación da casa dos pobres, Darbo-Cangas	53.837,59
Proxecto de reposición de servizos e pavimentación en rúa Buenos Aires	57.863,03
Proxecto de restitución de escaleiras na subida á rúa Buenos Aires	20.961,41
Urbanización rúa Rosalía de Castro	36.905,17
Adecuación á normativa nos parques infantís o Señal, Estación de Autobuses e Nazaret.	35.937,54
Adecuación á normativa nos parques infantís de Socotelo, Aldán, Vilariño e A Caína	45.868,86
Humanización rúas Baiona e Méndez Núñez	151.802,90
Memoria valorada arranxos cuberta Praza de Abastos	43.197,00
Cinco mini puntos limpios nas parroquias de Cangas	20.000,000

Visto o escrito da Deputación recibido en data do 26.04.2017 suxerindo unificar os diferentes proxectos de nova capa de rodadura por ser a finalidade idéntica e coa mesma suxerencia para os proxectos de adecuación á normativa de parques infantís e unha vez unificados ditos proxectos pola Oficina Técnica, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data do 27.03.2017 de solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017-Liña 1-Investmentos.

Segundo.- Aprobar os seguintes proxectos de investimentos, dentro da LIÑA 1 que se relacionan, asumindo o compromiso de cumprir as condicións que se especifican nas bases reguladoras:



Concello de Cangas

Denominación do proxecto	Importe total euros, incluído o IVE
Documento técnico nova capa de rodadura en vías municipais	220.789,31
Adecuación á normativa dos parques infantís do Concello de Cangas	60.477,63
Ampliación de espazos de xogo en zonas de lecer	20.000,01

Terceiro.- Aprobar os seguintes investimentos e solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra axuda para estes con cargo á Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos-2017) polos importes que se indican:

Denominación do proxecto	Importe total euros, incluído o IVE
Documento técnico nova capa de rodadura en vías municipais	220.789,31
Adecuación á normativa dos parques infantís do Concello de Cangas.	60.477,63
Ampliación de espazos de xogo en zonas de lecer	20.000,01

Cuarto.- Declarar que o Concello para os investimentos que se solicitan, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Quinto.- Facer constar que o resto do acordo da Xunta de Goberno Local de data do 27.03.2017, séguese a manter nos mesmos termos.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850